

c

ANEXO

1. Os que estean en posesión do título de licenciado en química ou dalgún dos títulos universitarios españois legalmente homologados ou declarados equivalentes a el, ou os que obtivesen do Ministerio de Educación, Cultura e Deporte, conforme a lexislación aplicable, o recoñecemento ou homologación de título estranxeiro equivalente a este, poderán acceder ás seguintes especialidades:

- a) Análises clínicas.
- b) Bioquímica clínica.
- c) Microbioloxía e parasitoloxía.
- d) Radiofarmacia.

2. Os que estean en posesión do título de licenciado en bioloxía ou dalgún dos títulos universitarios españois legalmente homologados ou declarados equivalentes a el, ou os que obtivesen do Ministerio de Educación, Cultura e Deporte, conforme a lexislación aplicable, o recoñecemento ou homologación de título estranxeiro equivalente a este, poderán acceder ás seguintes especialidades:

- a) Análises clínicas.
- b) Bioquímica clínica.
- c) Inmunoloxía.
- d) Microbioloxía e parasitoloxía.
- e) Radiofarmacia.

3. Os que estean en posesión do título de licenciado en bioquímica, ou os que obtivesen do Ministerio de Educación, Cultura e Deporte, conforme a lexislación aplicable, o recoñecemento ou homologación de título estranxeiro equivalente a este, poderán acceder ás especialidades que se relacionan nos dous puntos anteriores deste anexo.

22192 *REAL DECRETO 1164/2002, do 8 de novembro, polo que se regula a conservación do patrimonio documental con valor histórico, o control da eliminación doutros documentos da Administración xeral do Estado e os seus organismos públicos e a conservación de documentos administrativos en soporte distinto ó orixinal.* («BOE» 274, do 15-11-2002.)

A Lei 16/1985, do 25 de xuño, do patrimonio histórico español, regula no seu título VII, capítulo I, as cuestións relativas á conservación do patrimonio documental como parte integrante do patrimonio histórico español. No seu artigo 55 establece que a exclusión ou eliminación de bens do patrimonio documental e bibliográfico contemplados no artigo 49.2 e dos demais de titularidade pública deberá ser autorizada pola Administración competente, por proposta dos seus propietarios ou posuidores, mediante o procedemento que se establecerá por vía regulamentaria.

O artigo 58 da dita lei atribúe o estudio e dictame das cuestións relativas á cualificación e utilización dos documentos da Administración do Estado e do sector público estatal, así como a súa integración nos arquivos e o réxime de acceso e inutilidade administrativa de tales documentos, á Comisión Superior Cualificadora de Documentos Administrativos, as competencias, composición e funcións da cal foron determinadas polo Real decreto 139/2000, do 4 de febreiro.

En desenvolvemento das citadas previsións legais e co fin de que a Comisión Superior Cualificadora poida

exercer plenamente as súas competencias, é preciso regula-la conservación da documentación histórica, o control da eliminación de documentos xerados pola Administración xeral do Estado e os seus organismos públicos e a súa conservación en soporte distinto ó orixinal.

Esta normativa é, ademais, imprescindible para a racionalización do tratamento da documentación e conseguinte mellora da propia xestión da Administración, á vez que se asegura a conservación daqueles dos seus documentos que teñan valor histórico.

O propio tempo resulta conveniente establecer nesta mesma disposición as normas relativas á conservación de documentos administrativos en soportes distintos ó orixinal, de maneira que, se é o caso, poida eliminarse con suficientes garantías o soporte papel de determinadas series documentais, mantendo os soportes dixitais ou ópticos correspondentes. Esta regulación ten a súa base nas previsións dos artigos 45.5 e 46 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, e relaciónase co establecido no Real decreto 263/1996, do 16 de febreiro, sobre utilización de técnicas informáticas, electrónicas e telemáticas na Administración xeral do Estado.

Por outra parte, e dado que cuestións abordadas no presente real decreto foron xa contempladas especificamente para os arquivos militares no regulamento aprobado polo Real decreto 2598/1998, do 4 de decembro, este regulamento queda en certos aspectos afectado pola nova normativa, e a isto se refire a disposición adicional segunda.

Na súa virtude, por proposta dos ministros de Educación, Cultura e Deporte, de Defensa, de Facenda e de Administracións Públicas, de acordo co Consello de Estado e logo de deliberación do Consello de Ministros na súa reunión do día 8 de novembro de 2002,

DISPONGO:

Artigo 1. *Obxecto e ámbito de aplicación.*

1. Con obxecto de garantir unha adecuada protección do patrimonio documental da Administración xeral do Estado e os organismos públicos vinculados ou dependentes dela, a eliminación dos documentos administrativos e de series destes, así como a súa conservación en soporte diferente ó da súa produción orixinal, rexeráse polo disposto neste real decreto.

2. Este real decreto é de aplicación ós documentos e series documentais producidos, conservados ou reunidos pola Administración xeral do Estado e os organismos públicos vinculados ou dependentes dela, calquera que sexa o seu soporte.

Artigo 2. *Réxime da eliminación de documentos e, se é o caso, da súa conservación en soporte distinto ó orixinal.*

1. Para os efectos deste real decreto enténdese por eliminación de documentos a destrución física de unidades ou series documentais polo órgano responsable do arquivo ou oficina pública en que se encontren, empregando calquera método que garanta a imposibilidade de reconstrución e de posterior utilización deles. A eliminación de documentos soamente poderá levarse a cabo, despois do correspondente proceso de valoración documental, segundo se establece nos artigos seguintes.

2. Enténdese por valoración documental o estudio e análise das características históricas, administrativas, xurídicas, fiscais e informativas da documentación.

O proceso de valoración establecerá os prazos de transferencia, a posible eliminación ou expurgo e o réxime de accesibilidade da documentación.

3. Conforme o que se dispón neste real decreto, a eliminación poderá condicionarse á conservación, en soporte diferente ó orixinal en que foron producidos, dos documentos e series documentais nos que concorran os seguintes requisitos:

a) Que o soporte orixinal careza de valor histórico, artístico ou doutro carácter relevante que aconselle a súa conservación e protección.

b) Que no soporte orixinal non figuren sinaturas ou outras expresións manuscritas ou mecánicas que confiran ó documento un valor especial ou que supoñan o contido esencial do documento polo seu valor probatorio de dereitos e obrigas.

Artigo 3. *Documentos con valor probatorio.*

En ningún caso se poderá autorizar a eliminación nin se poderá proceder á destrución de documentos da Administración xeral do Estado ou dos seus organismos públicos en canto subsista o seu valor probatorio de dereitos e obrigas das persoas físicas ou xurídicas ou non transcorresen os prazos que a lexislación vixente establece para a súa conservación.

Artigo 4. *Iniciación do procedemento.*

1. Por iniciativa propia ou dos órganos responsables dos documentos ou series documentais concernidos, a Comisión Cualificadora de Documentos Administrativos de cada departamento ou organismo público poderá acordar a iniciación dun procedemento de eliminación de documentos e, se é o caso, de conservación do seu contido en soporte distinto do orixinal en que foron producidos.

2. No acordo de iniciación deberá quedar establecido fundamentamente que os documentos orixinais a que se refire non posúen valor histórico nin utilidade para a xestión administrativa que esixa a súa conservación. Así mesmo, expresárase nel que os documentos carecen de valor probatorio para os dereitos e obrigas das persoas físicas ou xurídicas.

3. No caso de que se considere a conservación do contido dos documentos en soporte distinto ó orixinal, deberán observarse os requisitos establecidos no artigo 2.3 deste real decreto, e o que se dispón nas restantes normas del en canto sexan aplicables a este suposto.

4. O acordo deberá ir acompañado da seguinte documentación:

a) Informe do órgano proponente que xustifique a necesidade da eliminación e, se é o caso, da conservación en soporte distinto, acreditando nel a valoración documental efectuada nos termos do artigo 2.2. Nesta análise incluírase a mención das disposicións que se for caso regulasen ata o momento da proposta o expurgo ou a custodia desa documentación. Así mesmo, deberá concretar nesta análise se inclúe datos referentes á intimidade das persoas, se contén datos sanitarios persoais, se afecta ou afectará á defensa nacional ou a seguranza do Estado e outras características que se consideren especialmente significativas.

b) Memoria relativa á documentación de que se trate, e que comprenderá basicamente o estudo histórico institucional, cadro de clasificación en caso de series documentais, órgano produtor, sinaturas extremas, tipo documental, resumo do contido, datas extremas, lexislación relativa á orixe e desenvolvemento da documentación, tipo de mostraxe que se propón, se é o caso, e arquivo ou oficina pública en que se encontra depositada.

5. O acordo de iniciación do procedemento, xunto cos documentos antes citados, remitiráselle ó presidente da Comisión Superior Cualificadora de Documentos Administrativos, e conterá a proposta de eliminación ou se é o caso de conservación en soporte distinto, de documentos ou series documentais determinados, así como a petición do dictame ó que se refire o artigo 5. Se a citada comisión considerase precisa máis información, requiriráa da comisión do departamento ou organismo que iniciase o procedemento ou, se é o caso, dos departamentos ou organismos que considere afectados, que deberán remitila en prazo non superior a tres meses.

6. Cando o contido do documento ou documentos que hai que eliminar teña relación coas competencias atribuídas a outro departamento ou organismo público, deberáse contar co informe preceptivo deste.

Artigo 5. *Dictame da Comisión Superior Cualificadora de Documentos Administrativos.*

1. Sobre o acordo establecido conforme o disposto no artigo anterior, emitirá dictame preceptivo a Comisión Superior Cualificadora de Documentos Administrativos regulada polo Real decreto 139/2000, do 4 de febreiro, no prazo máximo dun ano contado desde que dispoña da documentación completa de que se trate. No caso de que o órgano proponente solicite por razóns de urxencia un prazo inferior ó citado, a Comisión Superior Cualificadora poderá acordalo así, notificándoo ó órgano proponente.

2. Se o dictame da Comisión fose contrario á proposta de eliminación, terá carácter vinculante, sen prexuízo do que se establece no número seguinte deste artigo.

3. Dictaminada desfavorablemente unha proposta de eliminación, non se poderá presentar outra nova relativa á mesma documentación ata que transcorran dous anos desde a comunicación dese dictame ó órgano proponente. Non obstante, se se modificasen os criterios arquivísticos aplicados na primeira valoración, a Dirección Xeral do Libro, Arquivos e Bibliotecas poderá dirixirse ó órgano responsable da documentación para que, se o considera pertinente, presente unha nova proposta, sen necesidade de que transcorra o prazo indicado.

Artigo 6. *Resolución administrativa.*

1. Se o dictame fose favorable á proposta, o subsecretario do departamento ministerial ou o presidente ou director do organismo público no que se encontren custodiados os documentos adoptará a resolución que considere oportuna. Se a resolución autorizase a eliminación, daráselle traslado dela ó órgano que adoptou a iniciativa e deberá publicarse no «Boletín Oficial del Estado». Igualmente se procederá cando a resolución dispoña a conservación dos documentos en soporte distinto do orixinal en que foron producidos.

2. A resolución motivada que autorice a eliminación de documentos e, se é o caso, dispoña a conservación en soporte distinto do orixinal, deberá incluír:

a) Unha descrición sumaria da documentación afectada, con expresión de sinaturas, órgano ou órganos produtores, resumo de contido, datas extremas, tipo de mostraxe que se realizará se é o caso e arquivo ou oficina pública en que se encuentre depositada.

b) A indicación de que, conforme o previsto no artigo 57.2 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, e no presente real decreto, a eficacia da autorización quedará demorada ata transcorridos tres meses desde a súa publicación no «Boletín Oficial del Estado» e condicionada en todo caso a que durante ese prazo non haxa constancia da interposición

c de recurso de calquera natureza contra a mesma. Tamén se fará constar que non poderá procederse á destrución de documentos ata que a resolución, caso de ser impugnada, adquiera firmeza.

c) O sinalamento dos recursos que procedan.

d) A determinación das medidas precisas para a destrución dos documentos e, se é o caso, para a conservación do seu contido en soporte distinto ó orixinal.

Artigo 7. *Eliminación de documentos.*

1. O órgano responsable da custodia da documentación, unha vez que sexa executiva a autorización obtida, abrirá un expediente de eliminación dos documentos ou series documentais de que se trate, o cal comprenderá:

a) A memoria realizada sobre a documentación e calquera outra información ou documentos presentados coa proposta de eliminación, así como o texto desta última.

b) O dictame da Comisión Superior Cualificadora de Documentos Administrativos e o de calquera outra comisión que se pronunciase previamente.

c) A memoria da mostraxe da documentación a expurgar.

d) A resolución que autorizase a eliminación, así como calquera outro documento administrativo ou xudicial relacionado con ela.

e) A acta de eliminación, na que o órgano responsable dos documentos acreditará que, tendo transcorrido o prazo de tres meses establecido no número 2, alínea b), do artigo 6 deste real decreto, non ten constancia da interposición de recursos de ningunha natureza contra a resolución adoptada, ou que esta adquiriu firmeza, cos demais datos relativos á destrución que se leva a cabo, data desta e identificación dos funcionarios e calquera outro persoal que interveña nela. Na acta farase constar lugar, data e duración das operacións de eliminación con ou sen substitución, procedemento utilizado, persoas intervinientes e funcionario fedatario da operación e da acta.

2. Se se dispuxese a conservación do contido dos documentos ou series documentais en soporte distinto ó orixinal, antes de proceder á eliminación do dito orixinal deberán obterse copias auténticas en soporte diferente, cos requisitos establecidos no artigo 46 da Lei 30/1992, do 26 de decembro e, se é o caso, no artigo 45 desa lei e no Real decreto 263/1996, do 16 de febreiro, polo que se regula a utilización de técnicas electrónicas, informáticas e telemáticas na Administración xeral do Estado.

Neste mesmo suposto deberá finalmente levantarse unha acta complementaria da indicada na alínea e) do número 1 deste mesmo artigo, comprensiva das actuacións que se sigan para facer efectiva a conservación do contido dos documentos en soporte distinto ó orixinal. Na acta faranse constar as características técnicas do novo soporte de acordo co citado Real decreto 263/1996, do 16 de febreiro.

3. Un duplicado da acta e, se é o caso, da acta complementaria remitiráselle á Comisión Superior Cualificadora de Documentos Administrativos no prazo dos dez días seguintes á data das actuacións correspondentes.

Artigo 8. *Documentos do expediente de eliminación.*

O procedemento de eliminación será documentado en expediente único polo órgano responsable da custodia da documentación e nel deben figurar os docu-

mentos seguintes, ademais dos relacionados no artigo 7 e sen prexuízo de incluír todos aqueles que se xeraren na tramitación:

1. Iniciativa para pór en marcha o procedemento.
2. Informe do órgano proponente.
3. Memoria da documentación.
4. Acordo de iniciación da Comisión Cualificadora Departamental de Documentos Administrativos.
5. Informe preceptivo da Comisión Superior Cualificadora de Documentos Administrativos.
6. Resolución.
7. Notificacións, se for o caso.
8. Publicacións da resolución.
9. Recursos, se se interpuxeron.
10. Resolucións dos recursos presentados.
11. Acta de eliminación, con ou sen substitución, se procede.

Disposición adicional primeira. *Modificación do Real decreto 139/2000, do 4 de febreiro.*

1. O artigo 2.1 do Real decreto 139/2000, do 4 de febreiro, polo que se regula a composición, funcionamento e competencias da Comisión Superior Cualificadora de Documentos Administrativos, queda redactado como segue:

«1. A Comisión Superior Cualificadora de Documentos Administrativos terá a seguinte composición:

1.º Presidente: o secretario de Estado de Cultura do Ministerio de Educación, Cultura e Deporte, que poderá delegar no vicepresidente.

2.º Vicepresidente: o director xeral do Libro, Arquivos e Bibliotecas do Ministerio de Educación, Cultura e Deporte.

3.º Vocais natos:

a) O subdirector xeral de Simplificación Administrativa e Programas de Atención ó Cidadán, en representación da Dirección Xeral de Inspección, Simplificación e Calidade dos Servicios, do Ministerio de Administracións Públicas.

b) O subdirector xeral dos Arquivos Estatais, do Ministerio de Educación, Cultura e Deporte.

c) O subdirector xeral de Protección do Patrimonio Histórico, do Ministerio de Educación, Cultura e Deporte.

d) O subdirector xeral de Tratamento da Información, do Ministerio de Educación, Cultura e Deporte.

e) O director do Arquivo Xeral da Administración.

4.º Vocais designados:

a) Un avogado do Estado designado pola Avogacía Xeral do Estado-Dirección do Servicio Xurídico do Estado, do Ministerio de Xustiza.

b) Un vocal designado polo ministro de Defensa, en representación do Sistema Arquivístico da Defensa.

c) Un vocal designado polo ministro de Facenda.

d) Un vocal designado polo ministro de Ciencia e Tecnoloxía.

e) Tres vocais designados polo ministro do Interior, representantes das direccións xerais da Policía, da Garda Civil e de Institucións Penitenciarias, respectivamente.

f) Ata cinco vocais designados polo ministro de Educación, Cultura e Deporte entre persoas de recoñecido prestixio profesional en materias relacionadas coas competencias asignadas a esta Comisión Superior Cualificadora de Documentos Administrativos.

5.º Outros vocais:

Un representante de cada comisión cualificadora do departamento ou organismo público sobre a documentación do cal se dictamine na reunión correspondente.»

2. O artigo 5 do Real decreto 139/2000, do 4 de febreiro, polo que se regula a composición, funcionamento e competencias da Comisión Superior Cualificadora de Documentos Administrativos, queda redactado como segue:

«1. A Comisión Superior Cualificadora de Documentos Administrativos ten como funcións o estudo e dictame sobre as seguintes cuestións relativas ó réxime de conservación, acceso, inutilidade administrativa e eliminación se é o caso dos documentos da Administración xeral do Estado e dos organismos públicos vinculados ou dependentes dela:

a) Os prazos de permanencia dos documentos administrativos en cada un dos diferentes tipos de arquivos de oficina ou xestión, central, intermedio e histórico.

b) As transferencias, unha vez cumpridos os prazos de permanencia, entre cada un dos tipos de arquivos.

c) A accesibilidade e utilización dos documentos e series documentais.

d) As propostas de eliminación de documentos ou series documentais e, se é o caso, de conservación do seu contido en soporte distinto ó orixinal en que foron producidos, de acordo cos requisitos establecidos regulamentariamente.

e) A correcta aplicación dos dictames emitidos pola propia Comisión en relación cos prazos de permanencia dos documentos en cada un dos diferentes tipos de arquivos, as transferencias, o acceso, a inutilidade administrativa e a eliminación ou, se é o caso, conservación en soporte distinto ó orixinal en que foron producidos, dos documentos.

f) Calquera outro asunto sobre materia arquivística relacionada coas competencias anteriores que lle sexa sometido polo seu presidente.

2. As comisións cualificadoras creadas conforme o previsto no artigo 58 da Lei 16/1985, do 25 de xuño, do patrimonio histórico español, elevarán as súas propostas á Comisión Superior Cualificadora de Documentos Administrativos, á que tamén informarán das denegacións de acceso a documentos e series documentais que se produxisen nos seus respectivos ámbitos.»

3. As referencias que no Real decreto 139/2000, do 4 de febreiro, se fan ó Ministerio e ó ministro de Educación e Cultura entenderanse feitas ó Ministerio e ó ministro de Educación, Cultura e Deporte.

Disposición adicional segunda. *Adaptación e modificación do Regulamento de arquivos militares.*

1. As referencias ó ministro e Ministerio de Educación e Cultura que, verbo da eliminación de documentos, se conteñen no Regulamento de arquivos militares aprobado polo Real decreto 2598/1998, do 4 de decem-

bro, entenderanse feitas ó subsecretario do Ministerio de Defensa.

2. Autorízase o ministro de Defensa para adaptar as disposicións do capítulo VI, artigos 42 e 43, do Regulamento de arquivos militares aprobado polo Real decreto 2598/1998, do 4 de decembro, ó establecido no presente real decreto no prazo de tres meses desde a súa entrada en vigor.

Disposición adicional terceira. *Conservación ou eliminación de documentos desclasificados conforme a Lei de segredos oficiais.*

Unha vez desclasificados os documentos administrativos que fosen obxecto de cualificación conforme a Lei 9/1968, do 5 de abril, modificada pola Lei 48/1978, do 7 de outubro, de segredos oficiais, este real decreto será de aplicación a tales documentos no que se refire á súa posible eliminación ou á súa conservación en soporte distinto ó orixinal.

Disposición adicional cuarta. *Cursos de formación.*

O Instituto Nacional de Administración Pública, no ámbito das súas funcións de formación e perfeccionamento de funcionarios dos corpos e escalas da Administración xeral do Estado e dos organismos públicos vinculados ou dependentes da Administración xeral do Estado, incluírá nos seus programas anuais a realización de cursos de formación sobre arquivística, eliminación e conservación en soporte diferente do orixinal de documentos administrativos.

Sen prexuízo dos cursos desenvolvidos polo Instituto Nacional de Administración Pública, os departamentos ministeriais e os organismos públicos poderán realizar accións formativas que consideren oportunas, co fin de melloralo desempeño do persoal que nas respectivas organizacións está destinado en tarefas desta índole.

Disposición adicional quinta. *Documentación con información con fins exclusivamente estatísticos.*

A conservación dos documentos orixinais que serven de soporte de información recollida con fins exclusivamente estatísticos réxese pola Lei 12/1989, do 9 de maio, da función estatística pública e normas de desenvolvemento.

Disposición adicional sexta. *Protección de datos de carácter persoal.*

A regulación contida neste real decreto débese entender sen prexuízo do disposto na Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal.

Disposición transitoria única. *Constitución de comisións cualificadoras.*

1. En tódolos departamentos ministeriais e no prazo de tres meses desde a entrada en vigor deste real decreto crearanse, se é o caso, mediante orde, as comisións cualificadoras de documentos administrativos previstas no artigo 58 da Lei 16/1985, do 25 de xuño, coa aprobación previa do ministro de Administracións Públicas nos termos previstos no artigo 67.4 da Lei 6/1997, do 14 de abril, de organización e funcionamento da Administración xeral do Estado.

2. Respecto dos organismos públicos poderase proceder á creación, mediante orde ministerial, dunha comisión distinta da do departamento ó que estean vincu-

lados cando a xestión documental que teña lugar neles o aconselle. Noutro caso, se se tivese constituído a comisión no ministerio correspondente, os organismos públicos estarán representados nela.

3. A constitución e o funcionamento da comisión serán atendidos cos actuais medios persoais e materiais do departamento ou organismo sen que a aprobación desta norma supoña incremento de gasto público.

Disposición derradeira primeira. *Desenvolvemento e execución do real decreto.*

Autorízase os ministros de Educación, Cultura e Deporte, de Defensa, de Facenda e de Administracións Públicas para o desenvolvemento e execución deste real decreto, no ámbito das súas respectivas competencias, e de igual modo ós titulares dos distintos departamentos ministeriais no que concirne a eles e ós organismos públicos vinculados ou dependentes de cada un deles.

Disposición derradeira segunda. *Entrada en vigor.*

Este real decreto entrará en vigor o día seguinte ó de su publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Dado en Madrid o 8 de novembro de 2002.

JUAN CARLOS R.

O vicepresidente primeiro do Goberno
e ministro da Presidencia,
MARIANO RAJOY BREY

MINISTERIO DE AGRICULTURA, PESCA E ALIMENTACIÓN

22544 REAL DECRETO 1135/2002, do 31 de outubro, relativo ás normas mínimas para a protección de porcos. («BOE» 278, do 20-11-2002.)

O Convenio europeo do 10 de marzo de 1976, ratificado por España mediante Instrumento do 21 de abril de 1988, recolle as normas mínimas sobre protección de animais en explotacións gandeiras.

A Unión Europea, ante a necesidade de establecer normas mínimas comúns para a protección dos porcos de cría e de engorde, e co fin de evitar na medida do posible sufrimentos e incomodidades excesivas a estes animais nos modernos sistemas de explotación, adoptou a Directiva 91/630/CEE, do Consello, do 19 de novembro de 1991, relativa ás normas mínimas para a protección de porcos, trasposta ó ordenamento xurídico interno por medio do Real decreto 1048/1994, do 20 de maio, relativo ás normas mínimas para a protección de porcos.

De conformidade co artigo 6 da citada Directiva 91/630/CEE, a Comisión presentou un informe sobre os sistemas de cría intensiva de porcos. O dictame do Comité Científico Veterinario do 30 de setembro de 1997 sinala que os porcos deben vivir nun contorno que se axuste ás súas necesidades de exercicio e comportamento exploratorio e que unha importante limitación de espazo compromete o seu benestar. Como resultado deste dictame e considerando que é necesario manter un equilibrio entre os diferentes aspectos que han

de tomarse en consideración no que se refire ó benestar, incluída a sanidade, e factores económicos e sociais, ademais do impacto ambiental, o Consello da Unión Europea adoptou a Directiva 2001/88/CE, do 23 de outubro de 2001, pola que se modifica a Directiva 91/630/CEE, relativa ás normas mínimas para a protección de porcos, que cómpre incorporar ó ordenamento xurídico español.

Por outra parte, o Real decreto 348/2000, do 10 de marzo, polo que se incorpora ó ordenamento xurídico a Directiva 98/58/CE, relativa á protección dos animais nas explotacións gandeiras, establece as disposicións comunitarias aplicables a tódolos animais de granxa sobre as características dos cortellos, as condicións de illamento, calefacción, ventilación, a inspección do equipamento e do gando. A Comisión Europea considerou oportuno incluír estas materias no anexo da Directiva 91/630/CEE no caso dos porcos, por medio da Directiva 2001/93/CE da Comisión, do 9 de novembro de 2001, pola que se modifica a Directiva 91/630/CEE relativa ás normas mínimas para a protección de porcos, a cal é tamén necesario incorporar ó ordenamento xurídico español.

Procédese, polo tanto, á incorporación da Directiva 2001/88/CE e da Directiva 2001/93/CE, anteriormente citadas, ó ordenamento xurídico español. Para unha maior claridade e seguridade xurídica considerouse conveniente derroga-lo Real decreto 1048/1994 e promulgar unha nova norma.

Na elaboración deste real decreto foron consultadas as comunidades autónomas e os sectores afectados.

Na súa virtude, por proposta do ministro de Agricultura, Pesca e Alimentación, de acordo co Consello de Estado e logo de deliberación do Consello de Ministros na súa reunión do día 31 de outubro de 2002,

DISPÓÑO:

Artigo 1. *Obxecto.*

Este real decreto establece as normas mínimas para a protección de porcos confinados para a cría e o engorde.

Artigo 2. *Definicións.*

Para efectos deste real decreto, entenderase por:

1. «Porco»: animal da especie porcina de calquera idade, tanto se se cría con vistas á reprodución como ó engorde.
2. «Verrón»: animal macho da especie porcina despois da puberdade e que se destina á reprodución.
3. «Porca nova»: animal femia da especie porcina trala puberdade e antes do parto.
4. «Porca»: animal femia da especie porcina despois do primeiro parto.
5. «Porca en lactación»: porca entre o período perinatal e a desteta dos leitóns.
6. «Porca posdesteta e porca xestante»: porca entre a desteta e o período perinatal.
7. «Leitón»: porco desde o nacemento á desteta.
8. «Bacoriño destetado»: porco non lactante de ata dez semanas de idade.
9. «Porco de produción»: porco de máis de dez semanas de idade, ata o sacrificio ou a monta.
10. «Autoridade competente»: son autoridades competentes a Administración xeral do Estado e os órganos competentes das comunidades autónomas nos seus ámbitos respectivos.